

Outro futuro é posible: proxecto de centro, curso 2022/23

Elabora un mapa conceptual sobre as causas, as características e as consecuencias do exilio provocado pola represión franquista durante a guerra civil e a posguerra. Presta atención especial ao caso galego.



DOC. 7. REFUXIADOS ESPAÑOIS CRUZAN A FRONTEIRA DE FRANCIA EN 1939.

- Cantas persoas tiveron que exiliarse ao final da guerra?
- Que consecuencias tivo o exilio?

2 Exilio, represión e oposición

O medo á represión político-militar ao acabar a guerra empurrou moitos españois ao exilio. Os que optaron por quedar en España expuxéronse ao rigor da represión en caso de que militasen no bando republicano. Houbo quen non quixo exiliarse nin renderse e se escondeu ou se refuxiou nos montes, desde onde se iniciou unha primeira ofensiva contra o réxime ata 1944. O Estado policial impediu calquera oposición eficaz durante a década dos corenta.

2.1. O amargo sabor do exilio

Cando a guerra entraba na súa fase final, os defensores da república empezaron a abandonar España, arredor de 500.000, para evitar as represalias dos vencedores ► (Doc. 7). Algúns marcharon ao norte de África, pero a maior parte pasou a Francia, onde foron instalados en campos de concentración en condicións humillantes e infrahumanas na zona do sueste (Argelés, Saint Cyprien...).

A sorte foi distinta para cada un. Ao iniciarse a Segunda Guerra Mundial arredor de 200.000 exiliados volveron a España acolléndose a un indulto limitado. Entre os que quedaron, houbo quen se sumou á resistencia francesa para loitar contra o nazismo. Deles, algúns acabaron en campos de concentración como Mauthausen, Dachau ou Treblinka.

Os que puideron embarcaron rumbo a Chile, Arxentina, Cuba, Santo Domingo e sobre todo México, cuxo presidente, Lázaro Cárdenas, fixo o maior esforzo para acoller a cantos puido. Alí asentouse a colonia máis importante de políticos e intelectuais, que achegaron o caudal humano, cultural, científico e político, mantendo viva a actividade da Segunda República.

2.2. A represión da longa posguerra


En febreiro de 1939 publicábase a **Lei de Responsabilidades Políticas** que, con efecto retroactivo, chegaba ata 1934. Segundo esta lei os vencidos non cabían nin eran admitidos na «nova España». En 1940 aprobábase a **Lei de Represión da Masonaría e o Comunismo** e ao ano seguinte a **Lei de Seguridade do Estado**.

O número de presos foi moi alto, moitos vítimas inocentes da vinganza, da inxustiza e da delación interesada ► (Doc. 8). Entre eles, había numerosos militares e soldados republicanos. Habilitáronse **cárceres especiais**: campos de concentración, prazas de touros, escolas, cines e conventos, para acoller a tanto preso en condicións humillantes e miserables. A tortura, os apaleamentos e as mortes eran frecuentes. Iguais sufrimentos padeceron os que aceptaron a **redención de penas por traballo**, os chamados «escravos de Franco» ► (Doc. 10).


De entre os prisioneiros, máis de 30.000 foron executados. Outros permaneceron presos moitos anos e algúns quedaron libres provisionalmente por falta de espazo. Durante a década de 1940 houbo unha media anual de case 100.000 presos nos cárceres españois, fronte aos 10.000 da época da Segunda República.

Os sospeitosos que permaneceron en liberdade foron **depurados polas súas ideas**, especialmente os funcionarios, empregados de institucións e intelectuais. Calquera que tivese relación coa república era perigoso e era apartado de toda responsabilidade pública.

DOC. 8. POBOACIÓN NOS CÁRCERES EN ESPAÑA, 1939-1950.



- Como evolucionou a poboación nos cárceres españois durante este período?



DOC. 9. ZONAS DE ACTUACIÓN DO MAQUIS.

- En que territorios actuou o maquis?
- Como evolucionou?



DOC. 10. TRABALLOS DE CONSTRUCCIÓN DO VAL DOS CAÍDOS.

A maioría dos traballadores que edificaron esta faraónica obra de homenaxe aos mortos do bando nacional eran presos políticos.

- En que consistiu a redención de penas por traballo?

O profesorado universitario, de institutos de ensino medio e maxisterio foi **depurado** desde 1936 de forma ampla e sistemática. Polo menos un 25 % dos mestres foron apartados do seu traballo, numerosos institutos foron cerrados e algúns rectores universitarios fusilados. O 30 de abril de 1940 o SEU dirixiu un auto de fe na Universidade Central de Madrid para unha queima pública de libros ao estilo nazi. O acto, cargado de simbolismo, perseguía destruír a anti-España para restablecer a España eterna baseada nos valores morais e relixiosos do catolicismo máis conservador.

O **medo** apoderouse da sociedade española, que se afixo a ver, oír e calar. Franco mantivo interesadamente viva a división das dúas Españas. Premiouse aos fieis, perseguiuse aos disidentes ► (**Doc. 11**) e prohibíronse as peculiaridades rexionais como a lingua e o folclore.

2.3. A oposición ao réxime


A oposición ao réxime careceu de organización polas condicións de clandestinidade en que debía realizar o seu traballo, nun ambiente de férreo control militar e policial.

A resistencia armada

Cara ao final da Segunda Guerra Mundial, coa derrota fascista, creceron as esperanzas dos exiliados republicanos de derribar o réxime coa axuda dos aliados. Con este fin, comunistas, principalmente, e anarquistas levaron a cabo **actuacións de guerrilla (o maquis)** nalgúns zonas de España ► (**Doc. 9**).

O maquis estendeuse desde o Val de Arán ata o Levante, con especial actividade nas serras do sur de Tarragona, Teruel, Castelló, Valencia e Cuenca, igual ca en Asturias, Galicia ou Serra Morena. As accións illadas desenvolveronse en **zonas rurais e montañosas** e foron magnificadas por **Radio Pirenaica**.

DOC. 8. POBOACIÓN NOS CÁRCERES EN ESPAÑA, 1939-1950.



DOC. 10. TRABALLOS DE CONSTRUCCIÓN DO VAL DOS CAÍDOS.

A maioría dos traballadores que edificaron esta faraónica obra de homenaxe aos mortos do bando nacional eran presos políticos.



O presidente do PP, Alberto Núñez Feixoo, e o presidente de Ferrovial, Rafael del Pino.

—Análise

Ferrovial: Que devolvan o roubado



Manuel Monge
Sociólogo e vítima
do franquismo

Se Ferrovial recibía millóns de euros en axudas públicas e agora traslada a súa sede social a Países Baixos para aforrar 40 millóns de euros en impostos, estamos ante un auténtico roubo de diñeiro público e, polo menos, debería devolver o roubado.

Feixoo, sempre co capital, defendía a Ferrovial e criticaba o Goberno por falta de seguridade xurídica e porque expulsara de España as grandes fortunas. Nun acto organizado polo xornal ABC o pasado 10 de xaneiro e en presenza de Feixoo, Rafael del Pino, principal accionista de Ferrovial, facía campaña

polo PP e manifestaba: "Su trayectoria revela su capacidad de gestión y su solvencia política. Si Usted gana las próximas elecciones, estamos seguros de que contaremos con un buen plan inversor".

Por outra parte, Agromán, integrada en Ferrovial en 1999, e outras moitas construtoras aínda teñen débedas sen pagar desde 1936. O franquismo utilizou 400.000 presos políticos como "botín de guerra", auténticos escravos para construír pantanos, estradas, liñas ferroviarias, aeroportos, o Val dos Caidos. Algunhas das empresas públicas e privadas que cometeron esa explotación continúan hoxe a súa actividade e algunhas cotizan no IBEX-35. Jose Luis Gutiérrez Molina recolle no seu traballo *Franquismo y trabajo esclavo, una deuda pendiente*, a relación das empresas que utilizaron esa man de obra forzada.

Presos escravos

A construtora Agromán foi fundada por José María Aguirre Gonzalo e José San Román en 1927. A través da súa filial San Román participou nas

— Peinador foi construído por presos dos cárceres de Vigo e de Camposancos, na Guarda

obras do Val dos Caidos con 250 presos republicanos. Nicolás Sánchez-Albornoz, fillo do historiador e político Claudio Sánchez-Albornoz, detido en 1947 cando participaba como estudante na Federación Universitaria Escolar (FUE), condenado a seis anos de traballos forzados (conseguiu fuxir en 1948), explicaba este gran negocio: "Los condenados a trabajar allí estábamos alquilados a las empresas que hacían la obra, Huarte y Banús, por 10,50 pesetas al día. A nosotros nos daban 0,50 pesetas a cada uno. Los patronos tenían obreros a precio de saldo y disciplinados", ("Del Valle de los Caidos al IBEX 35", artigo de Alejandro Torrés en *Público*). O xornalista Isaías Lafuente cuantificaba en 780 millóns de euros os beneficios das empresas con esta explotación dos presos políticos no seu libro *Eslavos por la Patria*.

O artigo 32 da Lei de Memoria Democrática recolle o compromiso do Estado para realizar un censo das empresas que utilizaron traballos forzados no seu beneficio: "A Administración Xeral do Estado impulsará

actuacións para o recoñecemento e reparación ás vítimas que realizaron traballos forzados. En colaboración coas demais administracións públicas, confeccionará un inventario de edificacións e obras realizadas por membros dos Batallóns Disciplinarios de Soldados Traballadores, así como por prisioneiros en campos de concentración, Batallóns de Traballadores e prisioneiros en Colonias Penitenciarias Militarizadas".

Queda pendente, xa que logo, facer ese inventario de empresas e concretar esa "reparación ás vítimas", é dicir, o diñeiro roubado que deberían devolver esas empresas ás familias dos presos políticos, como xa fixeron en Alemaña após a derrota do fascismo. A Confederación Xeral do Traballo (CXT) denunciaba na Querela Argentina empresas como Banús Hermanos, San Román, Huarte (hoxe OHL, que dirixe Juan Miguel Villar Mir), Agromán (integrada en Ferrovial), Entrecanales y Távoa (Acciona) ou Dragados y Construcciones (hoxe ACS de Florentino Pérez), "que se aprovecharon de mano de obra esclava para alzar sus imperios económicos durante la dictadura franquista".

Reparación ás vítimas

Cilia Torna recollía a explotación dos presos políticos en importantes infraestruturas galegas ("Os escravos de Franco na Galiza", *Sermos Galiza*): máis de 1.100 presos na ampliación do aeroporto de Lavacolla desde 1940 até 1941. O aeroporto de Peinador realizado por presos dos cárceres de Vigo e de Camposancos (A Guarda). A ponte de Tuiriz, en Pantón, por un destacamento penal de 100 traballadores, o mesmo que a ponte da Toxa. Os presos do Campo de Concentración das Figueiras (Castropol), a estrada Ribadeo-Meira; outros presos realizaron obras da estrada de Vilaboa a Santo Adrián de Cobres no Morrazo, e os do Campo de Concentración de Cedeira, obras na zona do Ortegal.

Está pendente a constitución no Parlamento Galego dunha comisión que realice ese inventario de empresas, así como a reparación ás vítimas, tamén económica. Que devolvan o roubado!

As guerrillas contaron con escasa participación da poboación, que foi sometida a estreita vixilancia, e foron reprimidas pola Garda Civil e o exército amparados pola **Lei de Represión da Bandidaxe e do Terrorismo** (1947).

O momento de maior actividade guerrilleira comprendeu os anos 1946-47. Cara a 1951-1952 a guerrilla desapareceu.

O maquis favoreceu o réxime, que se presentou como garantía de estabilidade fronte ao perigo doutra guerra civil.

A clandestinidade

Os partidos políticos no exilio asumiron a imposibilidade de derrocar a Franco mediante accións guerrilleiras e crearon **redes de actuación interna**. Moitos dos seus membros, que non participaron na guerra civil, asumiron novas tarefas e tamén se introduciron en ámbitos universitarios, sindicais e laborais, aproveitando todas as posibilidades que permitía o réxime.

A pesar do estrito control político, leváronse a cabo algúns actos de protesta contra as condicións económicas desde 1945. Pouco a pouco, as **folgas** convertéronse na forma máis efectiva de protestar, mesturando ás veces obxectivos políticos e máis económicos. Desde 1945 ata 1957-58 as reivindicacións foron cada vez máis frecuentes en Madrid, Cataluña e o País Vasco.

Desde a década de 1950 o **movemento estudantil** converteuse no símbolo de oposición ao franquismo e nun quebradeiro de cabeza permanente para o réxime ► (Docs. 12 e 13).



DOC. 11. MULLERES RAPADAS COMO CASTIGO POR SER REPUBLICANAS.

► Por que razón se castigou a estas mulleres?

- Que obxectivos defendían os estudantes no seu manifesto?
- Como interpretou o aparello franquista as demandas dos universitarios?

DOCS. 12 E 13. A PROTESTA UNIVERSITARIA DE 1956.

A situación material e vocacional do universitario español é de indixencia, a súa perspectiva intelectual é mediocre –cantos catedráticos e mestres eminentes apartados por motivos ideolóxicos e personalistas!– e o seu porvir profesional totalmente incerto pola escaseza de saídas e especializacións e pola intervención de excluíntes criterios extraprofesionais, precisamente cando as necesidades do país reclaman todo o contrario: achega de novas capacidades e esforzos.

As causas deste desolador panorama, do que ningún bo froito pode esperarse, son múltiples e afunden as súas raíces en todo o clima material e espiritual da nosa actual sociedade.

*Manifesto aos estudantes madrileños,
Madrid, 1 de febreiro de 1956*

O día 1.º do actual, o estudante da Facultade de Dereito Ramón Tamames Gómez [...] presentouse nese centro e en unión doutros alumnos [...] reuniu a un pequeno grupo de compañeiros na Biblioteca, para lerlles un «manifesto» que pensaban elevar ao goberno tras xuntar as súas sinaturas [...].

O contido do manifesto [...] logrou crear un clima propenso á alteración da orde como así se manifestou xa, ese mesmo día, mediante un balbordo que provocou a intervención do decano da facultade señor Torres López, que intentou expulsar o citado Tamames, advertíndolle que non tería que permitir que no seo da facultade foran creadas «células comunistas», expulsión que non puido conseguir, co que o facía entón pasar ao interior do seu despacho, onde conversou con el e mais cos seus compañeiros, mentres un grupo duns 200 alumnos berraban airadamente nos corredores.

Informe policial, febreiro de 1956

Os anos que van do verán de 1936 ós primeiros cincuenta son tempo de **represión**, de sometemento forzado ás pautas políticas, relixiosas e morais impostas pola dictadura. A depuración ideolóxica da sociedade é implacable e non había outras vías de fuxida que o **exilio** ou a **resistencia clandestina** que normalmente acababa na cadea ou no cemiterio. Só despois de erradicar toda oposición, a presión do réxime, sempre vixiante, amainou algo.

1.1. A destrución dos inimigos interiores

A rápida victoria do golpe militar en Galicia, sen baixas apreciables no bando rebelde, non trouxo consigo unha actitude xenerosa por parte dos vencedores. Todo o contrario. Aquí, como en tódalas zonas que os "nacionais" controlaron dende o principio, púxose en marcha unha eficaz **política represiva** que procuraba, ademais da **destrución** sistemática e definitiva de **partidos e sindicatos**, sementar na poboación un terror tan fondo que acabase con calquera vontade de resistencia no presente e no futuro **[Doc. 1]**. Era un anuncio do que lle agardaba a toda España se o Movemento Nacional gañaba a Guerra Civil.

A aplicación desa política supuxo, nun primeiro momento, como xa dixemos, a execución sumaria ou o simple asasinato extraxudicial dos líderes do movemento obreiro e dos republicanos e nacionalistas de esquerda **[Doc. 2]**. Despois, co país controlado, fíxose unha caza completa dos cadros medios e militantes que se acocharan mellor ou peor, na que colaboraron as denuncias de xentes de dereita e mesmo dalgúns sacerdotes. Ás denuncias seguíalle a acción punitiva da policía política e da Garda Civil, ás veces coa axuda das milicias falanxistas e das Juventudes de Acción Popular (a mocidade da disolta CEDA) **[Doc. 3]**.

Pero a limpeza non se limitaba ás esquerdas. Aínda que con menos dureza tamén alcanzou a quen, sendo conservadores e mesmo fondamente católicos, se mantiveran fieis á legalidade republicana e non se sumaran en xullo de 1936 ós alzados. Estes non foron a prisión, pero sufriron ora o desterro, ora o ostracismo político e a perda de cargo público. Tal foi, por exemplo, o caso de Otero Pedrayo, separado da súa cátedra durante anos, como tantos outros, porque a depuración masiva da Administración do Estado –civil e militar– así como de empresas consideradas estratéxicas, como o ferrocarril, foi unha das grandes medidas prácticas para asentar o novo réxime sobre bases totalmente fiables.

Un dos principais elementos definidores do Alzamento Nacional era o seu españolismo radical e absolutamente intolerante, non só cos nacionalismos alternativos, senón tamén con calquera lingua diferente da castelá/española. Galicia foi a primeira en comprobalo. Á parte de disolver as organizacións galeguistas, os usos públicos do galego foron prohibidos e mesmo se ridiculizaba o seu uso privado **[Doc. 4]**.

Asemade, exaltábase, como en toda España, a figura de Francisco Franco para convertela no líder carismático e providencial que necesita todo sistema antidemocrático para estabilizarse alén do medo provocado pola coacción. Nesta política encádrase o agasallo do Pazo de Meirás, antiga casa dos Pardo Bazán, ó dictador, adquirido mediante suscripción "popular" forzosa **[Doc. 5]**.

1.2. As resistencias fallidas

Pero todas estas medidas non foron quen de acabar totalmente coa oposición interior á dictadura. Algúns conseguiron escapar da persecución en cidades e vilas. Foron os fuxidos, que se acocharon nos montes cando cesou a resistencia no medio urbano. De aquí naceron as guerrillas antifranquistas, os maquis, poucas e mal organizadas durante a Guerra Civil. Rematada esta, e sen un país estranxeiro ó que fose doado marchar, os maquis adquiren un novo pulo en Galicia, en parte porque non había outra saída para os seus membros, en parte porque os mantiña a esperanza de que o triunfo dos aliados na Segunda Guerra Mundial acabaría tamén co réxime de Franco.

Outro factor que explica esta supervivencia é a política do Partido Comunista que, convencido da viabilidade da loita armada e popular contra a dictadura, pasou a organizar, financiar e controlar a maior parte do movemento guerrilleiro en toda España, incluída Galicia. Sen embargo, dende 1946 vai quedando claro que os Estados Unidos non están dispostos a mover un dedo contra Franco. O Partido Comunista acabará renunciando a súa estratexia armada e os guerrillas galegas, illadas e sen apoios, van sendo liquidadas pola Garda Civil. A detención do mítico Foucellas, que xa levaba tempo sobrevivindo só no monte, en marzo de 1952 e a súa posterior execución a garrote vil marcan o definitivo punto final deste tipo de resistencia.

A desarticulación dos partidos políticos é practicamente completa. A penas quedan pequenos grupos organizados na clandestinidade que, con gran risco de seren descubertos pola policía, se limitan a manter a relación entre militantes, a axudar a compañeiros en apuros e a esporádicos contactos coas forzas que seguen vivas no exilio. As durísimas condicións nas que se desenvolvía esta actividade clandestina e o feito de que en 1946 fosen detidos os encargados das relacións co exterior acabaron extinguindo totalmente as organizacións socialistas e republicanas do interior. Os comunistas lograron sobrevivir, se ben reducidos á mínima expresión, sobre todo despois da liquidación das guerrillas.

Pola súa parte, os **galeguistas** mantiveron tamén nos primeiros anos unha cativa **organización clandestina** coa que participaron nos intentos de reorganización unitaria da oposición, como a Xunta Galega de Alianza Democrática de 1944 ou a formación da Unión Republicana Galega de 1945,

Na evolución socioeconómica de Galicia durante o franquismo cómpre diferenciarmos, como no conxunto de España, dúas etapas separadas polos anos de transición de 1953-1959: unha **longa posguerra de escaseza** e autarquía e os tres lustros de **despegue económico** que van do plano de Estabilización de 1959 á morte de Franco en 1975, coincidente co cambio de conxuntura provocado pola chamada crise do petróleo de 1973.

2.1. O retroceso da posguerra

Os indicadores da grave crise económica que experimenta Galicia durante os primeiros anos da ditadura son moi claros. A acusada **re-ruralización** do país fai descender as persoas ocupadas na industria e nos servizos tanto que a porcentaxe dos ocupados na agricultura retorna ós valores de finais do século XIX **[Doc. 8]**. Pero isto non provoca sequera un incremento da produción agraria, que descende tamén e non recuperarán as cotas de preguerra ata os anos cincuenta, o que indica a inversión transitoria do proceso de modernización do primeiro tercio do século XX. Aínda que é certo que o mesmo acontece no conxunto de España, pero en Galicia o retroceso é maior e dura uns dez anos máis **[Doc. 9]**.

Doutra banda, a **poboación segue medrando**, aínda que lentamente, e nun principio a tradicional válvula de escape da emigración fica pechada. De feito, nos anos trinta os efectos da crise económica mundial e da Guerra Civil súmanse para dar incluso un saldo emigratorio negativo. Máis bocas que alimentar e menos con que alimentalas son o terrible binomio que explica a extrema dureza das condicións de vida da posguerra para a maioría: escaseza e carestía de tódolos bens tanto de consumo como industriais, racionamento drástico dos alimentos, estraperlo e mercado negro, e incremento anómalo de mortes e enfermidades provocadas pola malnutrición e unha rede sanitaria totalmente insuficiente e anticuada.

Esta penuria aguda alongouse durante os anos corenta, especialmente ata 1945, por canto o Estado, non só non podía importar o que lles faltaba ós seus habitantes, senón que detraía unha parte de alimentos e de materias primas (como o wolfram galego) para lla entregar á Alemaña nazi como compensación pola axuda que esta lle prestara ó exército de Franco durante a Guerra Civil. A situación empezou a aliviarse algo, pero non moito, a partir do remate da Guerra Mundial tanto porque a fuxida migratoria empezou de novo como pola progresiva normalización do comercio internacional.

Con todo, nesta etapa séntanse xa algunhas das bases do papel que o réxime lles atribuiría a Galicia dentro da economía española. En primeiro lugar, a indiferencia para a súa agricultura e gandería, que contrastaba coa protección da cerealística e oleícola do interior.



Unha aldea de Ourense en 1944.

A POBOACIÓN ACTIVA POR SECTORES (Porcentaxes sobre poboación activa total)						
Ano	Galicia			España		
	Agricultura e pesca	Industria	Servicios	Agricultura e pesca	Industria	Servicios
1930	65,3	14,7	20,0	45,5	26,5	28,0
1940	73,1	10,9	16,0	50,5	22,2	27,3
1950	71,9	13,6	14,5	47,6	26,5	25,9
1960	67,9	15,9	16,1	38,2	31,8	30,0
1970	50,0	23,6	26,4	24,2	38,4	37,4

Fonte: BEIRAS, X.M. e LÓPEZ, A.: *A poboación galega no século XX*, 1999.

- Explica as fases de retroceso e de avance da economía galega e compáraas coas do conxunto de España.

que ingresou na Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas. Pero a consolidación do réxime franquista despois da Guerra Mundial e en prisión Ramón Piñeiro, encargado dos contactos co exterior, fixeron que o Partido Galeguista deixara de dar sinais de vida. Os galeguistas do interior deciden abandonar toda actividade política para centrarse na preservación e mais na difusión dos seus ideais pola vía cultural. Con ese fin fundan en 1950 a Editorial Galaxia e pouco despois o seu órgano periódico de expresión: a revista *Grial*.

1.3. O exilio

Os galegos demócratas que tiveron a sorte de estaren o 18 de xullo de 1936 fóra de Galicia, como os deputados que se atopaban en Madrid ou aqueles outros que ocupaban cargos políticos en diferentes lugares de España, loitaron do lado da República. Nesa loita salientan os comunistas como Enrique Lister e Santiago Álvarez e o labor de nacionalistas como por exemplo Castelao, cos seus álbums de denuncia da barbarie dos "nacionais" (*Galicia Mártir, Atila en Galicia*) e as súas viaxes pola URSS, Cuba e Estados Unidos para recabar axudas á República. En marzo de 1939 todos marcharon ó exilio, moitos a América. Dos que estaban en Galicia, só uns poucos puideron fuxir ó estranxeiro.

Case todos eles colaboraron en manter funcionando noutras terras o Goberno e o Parlamento da República na esperanza de que o remate da Guerra Mundial traería consigo a desaparición da dictadura. Con tal fin crearon organizacións unitarias de escaso éxito como o Bloque Nacional Republicán Galego, fundado en Francia en 1944.

Os nacionalistas, e sobre todo Castelao, impuxéronse ademais outro obxectivo: que as Cortes republicanas recoñecesen oficialmente os resultados do referendo do Estatuto de Autonomía de 28 de xuño de 1936 e o aprobasen, co que Galicia ficaría institucionalmente equiparada a Cataluña e Euzkadi. Pero a aprobación definitiva non chegaría ata a reunión que tivo lugar en México en 1945. Entretanto, a única nota diferenciada do exilio galego era a actividade dos nacionalistas, principalmente no eixo Bos Aires-Montevideo dende a chegada de Castelao no ano 1940.

Castelao desenvolveu unha incesante **actividade destinada a manter vivo o nacionalismo** organizado e a incrementar o peso político de Galicia dentro do exilio republicano. Con ese fin dirixiu a Irmandade Galega, que reiniciou en 1942 a publicación de *A Nosa Terra*; creou en 1944 o Consello de Galiza **Doc. 6** e **Doc. 7**, integrado por algúns deputados galeguistas e republicanos e que pretendía substituír ó goberno galego que non se puidera constituír porque non dera tempo á implantación das institucións autonómicas.

Castelao escribiu en 1944 *Sempre en Galiza*, o gran testamento ideolóxico da súa xeración; formou parte en 1946 do Goberno republicano presidido por Giral; e mantivo unhas relacións, non sempre doadas, cos restos do galeguismo que quedaban en Galicia. Pero a partir de 1946-1948, cando se fixo evidente que a dictadura de Franco tiña moitos anos por diante, e máis aínda dende a morte de Castelao en 1950, o pulo político do exilio galego foi decaendo aceleradamente.

6

Alfonso Rodríguez Castelao, Elpidio Villaverde Rey, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, son os únicos deputados galegos que viven refuxiados en Sud-América e, por espontánea decisión de todos eles, acordan xuntarse nun soio corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira vontade de Galiza, antramentras dure esta etapa de asoballamento, na que o povo se ve privado de toda expresión democrática. Os ditos mandatarios afirman que a vontade política de Galiza arrinca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936 (...). Os devanditos mandatarios defenderán, por conseguinte, o dereito de autodeterminación para o povo que representan; pero considéranse autorizados a restrinxir este dereito ao que é racionalmente xusto e posíbel, descartando, de antemán, o separatismo, e abogando por unha unión paccionada de todol-os povos diferentes de Hespaña, ou millor da Península, dentro dun Estado plurinacional republicano. (...)

E como primeira medida acordou, por unanimidade dos Conselleiros e unánime consenso dos grupos orgaizados, conferir a Presidencia do Consello de Galiza a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, quen fica autorizado dende este intre para levar as negociacións de alianza cos Presidentes de Euzkadi e Cataluña, a fin de que Galiza entre, con propia persoalidade e triple forza, nunha concordia xeral hespañola, capaz de derrubar o réxime franquista e restablecer a liberdade en Hespaña.

*Acta de constitución do Consello de Galiza.
En A Nosa Terra, 1944.*

- Explica por que o Consello de Galiza tivo pouca eficacia política.



7
Acto político en Bos Aires. Castelao, presidente do Consello de Galiza, e o lehendakari José Antonio Aguirre.